

## 1. NOVIDADES INTRODUCIDAS NESTA CONVOCATORIA

### Período subvencionable

O período subvencionable incrementase en 24 meses en vez dos 15 da anterior convocatoria. Esténdese do 1 de xullo de 2018 a 30 de xuño de 2020.

### Entidades que se poden presentar

Este ano poden presentarse a subvención tamén as agrupacións de organizacións sen personalidade xurídica, sempre que poidan levar a cabo os proxectos, as actividades ou os comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. (artigo 3.2)

### Prestacións subvencionables

#### Servizo de apoio a inclusión sociolaboral

Diferénciase inclusión básica e transición ao emprego

A inclusión básica inclúe tódalas prestacións que a carteira de servizos prevé para esta sección.

Redúcese o numero de prestacións necesarias para obter o dereito a subvención. Só é necesario realizar as catro que a Carteira considera obrigatorias, en vez das seis obrigatorias da anterior convocatoria.

O modulo se mantén en 20,89 €/hora.

A inclusión de transición ao emprego inclúe tódalas prestacións que a carteira de servizo prevé para esta sección.

Redúcese o numero de prestacións necesarias para obter o dereito a subvención. Só e necesario realizar as cinco que a Carteira considera obrigatorias, en vez das seis obrigatorias da anterior convocatoria.

Entre estas cinco se inclúe as accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral, con iso se pretende incluír as accións formativas dentro dos itinerarios de inclusión.

O modulo se incrementa en 24,37 €/hora.

A prestación de mediación social e/ou intercultural, so se subvenciona cando os beneficiarios sexan persoas inmigrantes.

#### Servizo de formación adaptada

Excepcionalmente só se subvencionan dentro deste servizo cursos de formación non vinculados a itinerarios cando se trate de cursos de formación dixital ou de adquisición de competencias clave, **incluíndo tamén a preparación da ESO/ESA.**

O modulo se mantén en 24,37€/hora.

### Cualificación profesional do persoal que presta servizos

Nas actuacións subvencionadas con FSE é necesario que os profesionais que presten os servizos reúnan as cualificacións profesionais previstas no vixente convenio colectivo estatal de acción e intervención social.

Titulación	Prestación a desenvolver
Titulado universitario o superior de FP, cunha dilatada experiencia profesional e/ou formación especializada. O coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión complementados con formación específica no posto de traballo que sexa equivalente á titulación referida. En todo caso, respectaranse as esixencias de titulación específica para o desempeño da súa profesión, en todos os postos que así estea establecido pola normativa legal.	<p>Apoio a inclusión sociolaboral básica e de transición ao emprego.</p> <p>Módulo de formación adaptada.</p> <p>Módulo de intervención comunitaria en territorios de exclusión severa.</p>
Técnico con formación académica y/o profesional de grado medio, o equivalente, completados cunha experiencia o titulación profesional necesaria para o desenvolvemento da súa función.	Apoio a conciliación.
Técnico con formación profesional superior de grado medio, o formación académica equivalente, complementada con coñecementos adquiridos por demostrada experiencia no seu posto de traballo en mediación intercultural	Mediación social e/ou intercultural.
Graduado en dereito	Módulo de asesoramento técnico especializado no ámbito normativo en materia de estranxeiría.

### Anticipos

Prestacións de Atención integrada.	<p>Poderán solicitarse dous anticipos a conta antes do 30 de setembro de 2018, para as actuacións que teñan que xustificarse no 2018; e 30 de xuño de 2019, para as actuacións que teñan que xustificarse no 2019.</p> <p>Non é necesario presentar resguardo bancario de ter póliza de seguro, é suficiente coa declaración responsable de ter cuberto a actividade que incorporase coa solicitude da subvención.</p>
Servizo de asesoramento técnico especializado.	
Servizo de promoción da participación social.	

ORDE do 13 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións plurianuais a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social para os anos 2018-2020 (confinanciada parcialmente polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), obxectivo temático 9.7.1 "unha maneira de facer Europa" e polo Fondo Social Europeo (FSE) obxectivo específico 9.1.1 "O FSE inviste no teu futuro" no seu obxectivo 9 "Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación"). Dirección Xeral de Inclusión Social.  
Procedemento: BS631A2

### Pagos a conta

Prestación de funcionamento de centros.	Se poden solicitar: un pagamento á conta desde o 01/07/2018 ata o 30/11/2018, tres desde o 01/12/2018 ata o 30/11/2019 e un desde o 01/12/2019 ata o 30/06/2020.
Prestación de atención ás necesidades básicas	Se poden solicitar dous pagamento á conta desde o 01/12/2018 ata o 30/11/2019 e un desde o 01/12/2019 ata o 30/06/2020.

### Xustificación

Prestación de Atención integrada	Simplifícase a documentación a presentar.
Servizo de asesoramento técnico especializado	Diferénciase entre actuacións non rematadas no momento da xustificación porque ten continuidade durante o resto do período subvencionable, e actuacións finalizadas no momento da xustificación.
Servizo de promoción da participación social	No primeiro caso, deben presentarse a solicitude de pago, a memoria económica, a declaración responsable e os partes de asistencia /ou follas mensuais das horas dedicadas ao programa.  No segundo caso, ademais da documentación anterior presentárase no modelo aprobado pola Dirección Xeral de Inclusión Social, Declaración Responsable das actuacións realizadas durante o período e una memoria da actuación rematada.